

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

RESOLUCIÓN

Vista a Orde PJC/414/2025, de 30 de abril, pola que se publica o acordo do Consello de Ministros de 30 de abril de 2025, polo que se determina a aplicación da ampliación de termos e prazos administrativos como consecuencia da interrupción xeralizada do suministro eléctrico acaecida o 28 de abril de 2025 (BOE núm. 105, do xoves 1 de maio do 2025) dispoñendo (apartado primeiro) *"Determinar que la ampliación de los términos y plazos administrativos podrá extenderse, en los casos en que se hayan visto afectados por la interrupción generalizada del suministro eléctrico producida el 28 de abril de 2025, hasta las 0.00 horas del día 6 de mayo de 2025, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 32.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas"*; e contemplando (apartado segundo) que *"Lo dispuesto en el apartado primero se aplicará a todo el sector público definido en la Ley 39/2015, de 1 de octubre"*;

Considerando que o art. 2.1 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) establece que as entidades que integran a Administración Local integran o sector público, estando, por tanto, incluídas no ámbito subxectivo de aplicación da dita norma;

Estando debidamente acreditadas as incidencias técnicas que, tanto no Concello de Vigo como no ámbito das entidades de certificación (FNMT) e das compañías de telecomunicacións (Telefónica) teñen concorrido nos días subseguintes ao 28 de abril do 2025, data da interrupción do suministro eléctrico en España e Portugal, de carácter público e notorio, e que motivaron a resolución de ampliación de prazos dictada o 29 de abril do 2025;

Coa estricte finalidade de garantir o dereito á igualdade das persoas aspirantes e a debida concorrencia competitiva nos procesos de selección de persoal do Concello de Vigo con arreglo á normativa vixente, xunto cos procedementos que se tramiten nos centros xestores 220 e 2202 e que afecten á cidadanía e ao persoal municipal; e considerando o disposto no art. 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que establece (apartados 4 e 5) que *"4. Cuando una incidencia técnica haya imposibilitado el funcionamiento ordinario del sistema o aplicación que corresponda, y hasta que se solucione el problema, la Administración podrá determinar una ampliación de los plazos no vencidos, debiendo publicar en la sede electrónica tanto la incidencia técnica acontecida como la ampliación concreta del plazo no vencido.*

5. Cuando como consecuencia de un ciberincidente se hayan visto gravemente afectados los servicios y sistemas utilizados para la tramitación de los procedimientos y el ejercicio de los derechos de los interesados que prevé la normativa vigente, la Administración podrá acordar la ampliación general de plazos de los procedimientos administrativos";

Pola presente, en atención ao exposto, e ao abeiro das competencias que en materia de recursos humanos ostento por delegación da Excma. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 28 de xuño do 2024,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Acordar a ampliación dos prazos non vencidos nos procedementos administrativos tramitados pola Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo (buzóns 220 e



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 02/05/2025 13:05

Páxina 1 de 2

46631-220

CSV: A6A4E1-CDCFEA-34D642-HNQEIJ-A4SVTR-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

2202) **ata as 0.00 horas do día 6 de maio do 2025**, consonte ao disposto na Orde PJC/414/2025, de 30 de abril, pola que se publica o acordo do Consello de Ministros de 30 de abril de 2025, polo que se determina a aplicación da ampliación de termos e prazos administrativos como consecuencia da interrupción xeralizada do suministro eléctrico acaecida o 28 de abril de 2025 (BOE núm. 105, do xoves 1 de maio do 2025); e en base á motivación normativa e fáctica que antecede.

SEGUNDO.- Ordenar a urxente publicación do presente anuncio na sede electrónica do Concello de Vigo para público e xeral coñecemento das persoas interesadas"

Contra a presente resolución, que ten a natureza xurídica e procedimental de acto de trámite, poderanse interpoñer polas persoas interesadas os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calesquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos arts. 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP). A oposición aos restantes actos de trámite poderá alegarse polas persoas interesadas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento."

MDG/

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Excma. Alcaldía de data 28/06/2024).- María Olga Alonso Suárez.

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.- (resolución da Excma. Alcaldía de data 28/06/2024).- Patricia Rodríguez Calviño.

Dou fe, A Secretaria,



Copia do documento - Concello de Vigo
46631-220

Data impresión: 02/05/2025 13:05

Páxina 2 de 2

CSV: A6A4E1-CDCFEA-34D642-HNQUEUJ-A4SVTR-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>